

AUTORIZACIÓN PARA O USO DA IMAXE

Son menor de idade
(marcar cun (X) se é preciso)

Dona/Don _____,

con DNI/NIE nº _____ e correo electrónico _____,


Marcar cun (X) onde sexa preciso:

() **AUTORIZA** ao INSTITUTO DE INVESTIGACIÓNS MARIÑAS do CONSELLO SUPERIOR DE INVESTIGACIÓNS CIENTÍFICAS (IIM-CSIC),

para que a súa imaxe e/ou voz, poida aparecer no material gráfico e audiovisual que se difunda desde o instituto de investigación a través dos recursos divulgativos e educativos, páxinas web, revistas, redes sociais e outras publicacións deste, a través de calquera procedemento e/ou medio, tanxible o intanxible, on-line ou off-line, segundo as condicións expresadas no reverso deste documento.

() **NON AUTORIZA** ao INSTITUTO DE INVESTIGACIÓNS MARIÑAS (IIM-CSIC) ao referido neste documento.

En _____, o ____ de _____ de 2021.



Sinatura de quen autoriza ou, en caso de menor de idade, nome e sinatura da nai/pai/titora ou titor legal

1. En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 14/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais facilitados quedarán rexistrados nun ficheiro titularidade do Instituto de Investigacións Mariñas do Consello Superior de Investigacións Científicas (IIM-CSIC) co obxecto de recoller a concesión ou denegación da súa autorización para o uso da súa imaxe nas condicións expresadas neste documento. Os datos gardaranse ata a eliminación da súa imaxe dos recursos audiovisuais do Instituto. A identidade e os datos de contacto do responsable do tratamento son os da Xerencia do Instituto de Investigacións Mariñas - CSIC (iimg301@csic.es). Os datos de contacto do delegado de protección de datos son: Jose López Calvo (jose.lopez.calvo@csic.es). Para calquera consulta, poderá contactar co Instituto de Investigacións Mariñas en iimg301@csic.es. Recoñécese o dereito a solicitar ao responsable do tratamento o acceso aos datos persoais relativos ao interesado, e a súa rectificación ou supresión, ou a limitación do seu tratamento así como o dereito á portabilidade. Poderase solicitar a retirada de dito consentimento dirixíndose ao Director do Centro. Así mesmo, lémbrales que ten dereito a presentar unha reclamación ante a autoridade de control pertinente. A comunicación dos seus datos persoais non se atopa prevista salvo requirimento legal.

CONDICIÓNS DA AUTORIZACIÓN

No caso de que a persoa arriba asinante dea a súa autorización ao Instituto de Investigacións Mariñas - CSIC (IIM-CSIC), faino baixo as seguintes condicións:

1. **FINALIDADE:** A súa imaxe e/ou voz poderá aparecer no material gráfico e audiovisual que se difunda desde o instituto de investigación para a produción de recursos divulgativos e educativos, páxinas web, revistas, redes sociais e outras publicacións deste, a través de calquera procedemento e/ou medio, tanxible o intanxible, online ou off-line.
2. **USO NON-COMERCIAL:** Os devanditos recursos están suxeitos exclusivamente a un uso non comercial. As accións, os produtos e as utilidades derivadas da súa utilización non poderán, en consecuencia, xerar tipo de lucro ningún. Así mesmo, dá o seu consentimento para que, dada a natureza e o obxecto dos recursos que estamos a referir e que desenvolven nun centro pertencente ao CSIC, a imaxe da persoa asinante poida ser cedida a terceiros, sempre que a referida cesión se axuste ás condicións expresadas neste documento, incluíndo o uso non comercial.
3. **ÁMBITO DE DIFUSIÓN:** Esta autorización non ten ámbito xeográfico determinado, polo que se poden empregar as imaxes ou gravacións, ou parte das mesmas, en todos os países do mundo, sen limitación xeográfica de ningunha clase.
4. **CONSERVACIÓN:** As imaxes e audio poderán conservarse e ser usadas por un tempo ilimitado.
5. **LEXITIMACIÓN:** A conservación e uso datos ten base xurídica na necesidade para o desenvolvemento da misión pública divulgativa encomendada ao CSIC.
6. **CONTACTO RESPONSABLE:** A identidade e os datos de contacto do responsable son os da Xerencia do Instituto de Investigacións Mariñas-CSIC en Vigo (iimg301@csic.es). Os datos de contacto do delegado de protección de datos son delegadoprotecciondatos@csic.es. Por outra parte poderá contactar con iimg301@csic.es.